

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE VALORA, ATENCIÓN AO ENVELLECER  
E Á DEPENDENCIA E O COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE  
GALICIA (CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS)**

En Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2.012

**REUNIDOS**

Dunha parte, **D<sup>a</sup>. MARTA RAMOS GOICOA**, en representación de **VALORA**, na condición de coordinadora e propietaria de **VALORA, ATENCIÓN AO ENVELLECER E Á DEPENDENCIA** (en adiante **VALORA**), con DNI N<sup>o</sup> 33.541.693-B, con domicilio na rúa Hórreo n<sup>o</sup> 84, C.P. 15.702, Santiago de Compostela (A Coruña).

E de outra, **D. AVELINO J. SANMARTÍN CAAMAÑO**, na súa condición de Presidente do **COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA** (en adiante **COLEXIO**), con domicilio na rúa Hórreo n<sup>o</sup> 7, 1<sup>o</sup> Esquerda, de Santiago de Compostela (A Coruña) e CIF Q-2701000-H.

Recoñecéndose reciprocamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente documento, en uso das competencias que ámbalas dúas partes teñen outorgadas,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que VALORA é unha empresa de servizos especializados de psico-xerontoloxía, atención psicolóxica das persoas maiores e as súas familias e cuidadores. A entidade caracterízase polo seu traballo personalizado e integrado q se leva a acbo no enderezo do paciente.

**SEGUNDO.-** Que o COLEXIO é unha Corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, con ámbito de actuación na Comunidade de Galicia e creado pola Lei 4/1998, de 30 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia. Os fins do COLEXIO son os recollidos na Lexislación de Colexios Profesionais, sendo os principais:

1. Velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de Protésico Dental.
2. Lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais de los colexiados, promovendo a súa formación e perfeccionamento.
3. Exercer no seu ámbito a representación e defensa da profesión, así como a representación legal do colectivo de profesionais colexiados.

Así mesmo, o artigo 5 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, outórgalle, entre outras as seguintes funcións:



1. Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e previsión, e outros análogos.
2. Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

**TERCEIRO.-** Que ámbalas dúas entidades se encontran interesadas en establecer un marco de colaboración, polo que acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste Convenio é facilitar o acceso do colectivo de protésicos dentais, á oferta de VALORA dirixida aos ditos colexiados e familiares directos destes (ata o segundo grao).

**SEGUNDA.-** Todos os colexiados e familiares directos destes (ata o segundo grao) que requiran os servizos de VALORA obterán un **10% de desconto** sobre o orzamento que se realice.

Os servizos que inclúe son os que se contemplan a continuación:

1. **Avaliación do estado cognitivo:** Consta dun estudo das funcións cognitivas, así como doutros factores (estado de ánimo, nivel de ansiedade...) do paciente. Esta valoración realízase en función do seu entorno e o seu nivel educativo. Ademais empréganse test e probas estandarizadas e adaptadas á poboación española.
2. **Estimulación cognitiva:** En función das preferencias do cliente, as súas necesidades e gustos, créase material específico que lle axude a estimular todas as funcións cognitivas (atención, memoria, linguaxe, cálculo...) facendo especial énfase nalgunha se fose necesario. O material personalízase e modifícase en función do estado e a evolución do cliente.
3. **Asesoramento a cuidadores:**
  - a) **Axuda á familia/coidadores** para afrontar condutas molestas ou disruptivas por parte dos pacientes (deambulación, berros, choros...).
  - b) **Asesoramento nos trámites de solicitude de axudas:** Unha traballadora social experimentada asesorará en prestará soporte na solicitude das diversas axudas ás que a persoa e familia podan acceder. No caso de axudas para próteses dentais, a tramitación farase ao abeiro da Orde do 17 de febreiro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal a a accesibilidade, publicada no DOGA do luns 28 de febreiro de 2011.



- c) **Procura doutros profesionais socio-sanitarios** (persoal de enfermería, fisioterapeutas, logopedas...) que realicen o seu traballo no enderezo do cliente.
- d) **Apoio psicolóxico a cuidadores:** Axuda para manexar o estrés e o esgotamento que podan xurdir, apoio en situacións de depresión e /ou ansiedade, axuda para afrontar a enfermidade dun ser querido.

Todos estes servizo realízanse no enderezo do paciente, sendo a primeira entrevista (na que se presentarán os servizos e se convirá cáles solicita o cliente) de balde. A partires desta consulta elaborárase un orzamento, en función das demandas do cliente, sobre o cal os colexiados e familiares directos destes (ata o segundo grao) contarán cun 10% de desconto.

Os colexiados do COLEXIO e os seus familiares, deberán acreditar esta circunstancia, mediante a presentación do carné de colexiado, para beneficiarse de estas condicións.

**TERCEIRA.-** O COLEXIO dará a coñecer entre os seus colexiados o contido do presente Convenio, así mesmo incluírá na súa páxina web un link de acceso á páxina web de VALORA.

**CUARTA.-** As partes estipulan que o acordo se manterá vixente ata dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2012. O convenio considerarase renovado por períodos anuais, sempre que ningunha das partes notifique á outra, fehacientemente por escrito, a súa resolución ou finalización polo menos **trinta días antes** da conclusión de cada período.

**QUINTA.-** Todas as accións de promoción e difusión deste convenio que impliquen a utilización de calquera marca comercial do conxunto que integra VALORA e o COLEXIO, entendéndose por marca, a marca propiamente dita, o logotipo, nome comercial, ou calquera denominación, signo ou título inscribible nun rexistro público a efectos de protexer a súa propiedade, dereito de uso ou comercialización, deberá contar coa autorización das entidades.

**SEXTA.-** Ámbalas dúas partes, durante a execución deste convenio, comprométense a dar estrito cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos (LOPD) e á súa normativa de desenvolvemento. No caso de vulneración da citada normativa, a parte responsable deberá asumir a totalidade das consecuencias de índole administrativo ou civil que puideran derivarse de tal incumprimento.

**SÉTIMA.-** O incumprimento das obrigas que asumen as partes asinantes deste convenio dará lugar á súa resolución, previa denuncia deste pola parte interesada.

**OITAVA.-** A modificación deste Convenio soamente se poderá establecer de mutuo acordo entre as partes.

**NOVENA.-** Para calquera dúbida, diverxencia ou interpretación e cumprimento deste documento, ámbalas dúas partes se someten á xurisdición e competencia dos Xulgados de Santiago de Compostela.

E para que así conste e aos efectos oportunos, ambas partes subscriben o presente Convenio por duplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Por **VALORA**



Asdo.: Marta Ramos Goicoa

Polo **COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA**



Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño